


#BALONCESTOGALEGO

# INFORME FEGABA 2025 - 2026

Bloque 2 — Federación Galega de Baloncesto

# Área Deportiva FGB

## Desenvolvemento de Actividades · Temporada 25/26



# Área Deportiva FGB

## Estrutura da Área

- Detección (PDC)
- Seleccións 5x5
- Seleccións 3x3

## Organigrama PDC

### Director Deportivo

Darío Méndez

### Coordinador Seguimento PDC Minibasket

Darío Méndez

## Responsables Zonais

### Vigo

Silvia Caiño

### Arousa

Ricardo López

### Santiago

Óscar Mariño

### A Coruña

Roi Vega

### Ferrol

Carlos Vázquez

### Lugo

Rubén Engroba

### Ourense

Hugo Rodríguez

# Seleccións Galegas 5x5

Seleccións por categorías e xénero.

MINIBASKET 2014

## Masculina

### Iago Mariñas
Basquet Coruña

### Hugo Pérez
Basquet Coruña

### Antón Comesaña
Esclavas Coruña

## Feminina

### Rubén Vigo
PBB

### Paloma Eiroa
CD Bosco

### Alía Ortega
Santo Domingo Betanzos

INFANTÍS 2012

## Masculina

### Alberto Estévez
Obradoiro CAB

### Pablo Estévez
Seis do Nadal

### David Piñeiro
Estudiantes de Lugo

## Feminina

### Maísa López
Ensino Lugo CB

### Sarai Carro
Estudiantes de Lugo

### Nuria Rodríguez
CB Costa Ártabra

CADETES 2010/2009

## Masculina

### Pablo Abuín
Estudiantes Lugo

### Adrián Feijoo
COB

### Sergio Cabaleiro
Seis do Nadal

## Feminina

### Raquel Salgado
Carmelitas Vedruna Ourense

### Iago Feijoo
CB Allariz

### Clara Silva
Básquet Coruña

# Seleccións 3x3

Seleccións 3x3 por categoría e xénero.

## U13 Masculina

**Alberto Estévez**

Obradoiro CAB

## U13 Feminina

**Andrea Pérez**

Maristas Coruña

## U15 Masculina

**Sergio González**

Seis do Nadal

## U15 Feminina

**Raquel Salgado**

Carmelitas Vedruna



# Planificación da Tempada 25/26

Estrutura de actividades, adestramentos e competicións ao longo da tempada.

## 1 Seleccións Infantís e Cadetes (5x5)

**Setembro a Xaneiro** — 20 adestramentos cadete, 24 adestramentos infantil. Torneos amigables en Euskadi e Asturias previos ao CESA 2026.

## 2 PDC — Minibasket

**Xeracións 2017, 2016, 2015 e 2014** — Identificación de talentos e físicos. Avaliación da progresión individual de cada xogador/a.

## 3 Seleccións Minibasket (5x5)

**Decembro a Marzo** — 20 adestramentos e 2 torneos amigables en Marín e Miranda do Ebro.

## 4 Xeración 2013 — Torneo Infantil

**Vilagarcía** — Coñecemento do estado das xeracións e avaliación en competición. Participación no XX Memorial Miguel Ángel Estévez.

## 5 Adestramentos CESA U13 e U15 3x3

**Maio a Xuño** — 8 adestramentos previos. Competicións de tarde os dous últimos adestramentos. Obxectivo: adaptarse ao xogo de 3x3.




PROXECTO MELLORA AVALIACIÓN

# Proxecto Mellorando Xuntos

Dirixido a xogadores e xogadoras de **primeiro ano** nas categorías de Minibasket, Infantil e Cadete. O proxecto busca a mellora e avaliación a través de torneos, adestramentos de 3x3 e Programas de Detección e Control Autonómicos.

## Memorial Miguel Ángel González

Esta tempada, dúas xeracións infantís de primeiro ano (2013) participaron no **XX Memorial Miguel Ángel González de Vilagarcía**, permitindo coñecer 12 xogadoras e 12 xogadores que non estiveron na selección galega de minibasket da tempada anterior en competición.

## Convocatorias Rotativas 3x3

Nos adestramentos de cara ao Campionato de España de 3x3 fixéronse convocatorias de 12 xogadores/as que non sempre foron as mesmas, tanto en masculino como en feminino de infantís e cadetes de primeiro ano, o que permite coñecer un maior número de xogadores/as de cara á próxima tempada.

## PDC Autonómico — 28 de Xuño

Está previsto realizar un PDC Autonómico de xogadores e xogadoras de minibasket de primeiro ano, e algúns en idade premini, o **día 28 de xuño**. O obxectivo é ter un coñecemento das xeracións que poderán estar en dinámica de selección galega de minibasket a próxima tempada.

# Metodoloxía e Obxectivos

Resumo dos piares fundamentais do traballo deportivo da Área FGB na tempada 25/26.

## A. Detección e Avaliación Continua

- Detección inicial a través dos Responsables Zonais e corpos técnicos dos equipos de ligas de minibasket, infantil e cadete
- Avaliación periódica, seguimento de estatísticas e progreso individual
- Análise de potencial: observación de crecemento, fortalezas e debilidades

## B. Desenvolvemento de Habilidades

- Ensinanza de técnica individual con introdución progresiva de habilidades
- Mellora da utilización dos espazos e xogo sen balón

## C. Prevención de Lesións e Fortalecemento Físico

- Mellora progresiva da axilidade, velocidade, forza e resistencia
- Énfase en saúde corporal: estiramentos, hidratación e nutrición
- Programa específico de coordinación e mobilidade para xogadores/as grandes

## D. Desenvolvemento Táctico

- Espazos e tempos: ensinar a ler o xogo e comprender o timing
- Toma de decisións: fomentar decisións rápidas e efectivas no xogo
- Comunicación verbal e non verbal no xogo
- Introdución progresiva aos conceptos ofensivos e defensivos colectivos

# Área Arbitral

## Desenvolvemento de Actividades · Temporada 25/26

Federación Galega de Baloncesto — Planificación, detección e desenvolvemento do talento galego.






# Presenza en Competicións de elite

## Internacional

PlayOffs **Euroliga**

## Nacional FEB

PlayOff, Copa da Raíña e Fases de Ascenso

## Selecciones

Campionatos de España de Clubs e Seleccións Autonómicas

## Modalidades

Representación en **3x3** e **Baloncesto en cadeira de rodas**

# Licenzas

**795**

### Licencias totais

Árbitros e oficiais de mesa — máximo histórico do CGAB

**+300**

### Inscritos en iniciación

Superada, de novo, a barreira en cursos de acceso

O foco trasládase agora cara á formación, retención e fidelización da masa arbitral alcanzada.

# Iniciación e Captación Territorial



Detéctase a necesidade de mellorar a conversión de rexistrados en altas federativas. Para iso, ampliarase o persoal de técnicos de iniciación e optimizaranse os procesos administrativos.

Especial recoñecemento ao CB Noia e ao CB Burela, que facilitaron cursos en zonas de dispersión xeográfica como Barbanza e A Mariña, focos estratéxicos para mellorar a cobertura designativa.

# Cobertura Competitiva: Sen Aprazamentos

### Cero apr azamentos

Cubriuse a **totalidade da competición** sen que o comité fora causa de ningún aprazamento.

### Equipos incompletos: –3%

Reducción respecto á tempada anterior, sen superar o **15% mensual** (vs. máis do 20% en dous períodos do curso pasado).

### Mellor coordinación

Anticipación de xornadas de alta concentración e colaboración dos clubs na confección de calendarios.

# Dispoñibilidade

**PERFIL ESTUDIANTIL**



**A maioría dos árbitros son estudiantes, o que reduce dispoñibilidade en periodos de exames.**

**MEDIDAS ADOPTADAS**



**A nova dirección técnica implementou medidas que reduciron o impacto económico do problema.**

A pesar das melloras, segue sendo necesario atopar fórmulas que aumenten porcentualmente a dispoñibilidade, especialmente en momentos de elevada tensión deportiva.

Unha vez consolidada a masa arbitral, o comité seguirá traballando en mellorar a cobertura competitiva cuantitativa e cualitativa.

# Formación: 217 Vídeo Informes

## Vídeo informes

**217 informes** para árbitros das catro principais competicións autonómicas.

## Novo baremo

Sistema de valoración de **1 a 10**, con media global próxima ao **6**

## Grupos prioritarios

Xornadas técnicas para **SUB25, ESGAR** e Grupo 2 Zonal.

## Sesións abertas

Formación online aberta a **todo o colectivo** arbitral galego..



# Escola Galega de Árbitros e Oficiais de Mesa

## Escola Galega de Árbitros

Principal referente formativo e aspiracional da arbitraxe zonal. Transmite dinámicas de traballo, criterios arbitrais e estruturas organizativas desde a dirección técnica.

## Oficiais de Mesa

Baixo nova coordinación autonómica, con seguimento continuo apoiado en ferramentas tecnolóxicas. Obxectivo: preparar oficiais con estándares FEB, ACB e FIBA.



# Protocolos, 3x3 e Colaboración Institucional

### Protocolos unificados

Criterios arbitrais homoxéneos ante situacións similares, aliñados con estándares nacionais e internacionais.

### Modalidade 3x3

Programa formativo híbrido con referentes nacionais e internacionais, sesións presenciais e en liña.

### Baloncesto circular

Colaboración con administracións, universidades e clubs: charlas, adestramentos e bonificacións en torneos.

# Medida Piloto: Doble Árbitro en Iniciación




Sen incrementar o impacto económico para a federación, implantouse un segundo árbitro en categorías minis e premini zonal e un segundo oficial de mesa en 2ª división infantil.

Medida de carácter exclusivamente formativo, recibida de forma positiva por árbitros e clubs participantes.

# Conclusións e Retos de Futuro

→ **Tempada globalmente positiva**

Récords de licencias, cero aprazamentos e mellora en cobertura.

→ **Consolidar o crecemento**

Fortalecer a seguridade e preparación do árbitro en todas as categorías.

→ **Modelo compartido**

A formación competitiva debe ser un proceso **compartido e adaptado** ao nivel real da competición.



# Escola Galega de Adestradores

## Memoria da Tempada 2025/2026

Federación Galega de Baloncesto



# Valoración da Tempada 2025/26

Tempada moi positiva: programación cumprida practicamente na súa totalidade.

## Cursos Federativos

- Nivel 0
- Nivel 1
- Nivel 2
- 3x3

## Accións Formativas Propias

- Clínics
- Seminarios
- Colaboracións



# Cursos de Nivel 0 — Tempada 2025/26



Formato semipresencial con apoio de campus virtual.
**Duración: 9 días por curso.**

## Sete edicións en toda Galicia - 130 alumnos

### Setembro
Arousa · Ferrol · Ourense

### Xaneiro
Santiago

### Febreiro
Vigo

### Xuño
Lugo · A Coruña

# Curso de Nivel 1 — Tempada 2025/26

**26**

### Alumnos matriculados

Participantes no curso de Nivel 1

**2**

### Fins de semana presenciais

Sede: A Estrada

### Formato

Semipresencial con apoio de campus virtual

### Período

Setembro a decembro de 2025

### Plataforma Online

Resto da formación en modalidade virtual

### MOD

Módulo de Observación e Desenvolvemento incluído

# Curso de Nivel 2 — Tempada 2025/26

## Formato / Alumnos

Semipresencial con apoio de campus virtual - 23 alumnos

## Período

Decembro 2025 a xuño de 2026

## Sede Presencial

A Estrada — 5 días

## MOD

Módulo de Observación e Desenvolvemento incluído

**Novidade:** "Semana de Adestramentos EGA" habilitada especialmente para o alumnado de Nivel 2.






# Formación en 3x3

### Curso de Iniciación ao 3x3

Santiago, setembro 2025

### Programa 3x3 — Consellería de Educación

Elaboración das unidades didácticas e apoio e asesoramento aos centros educativos para o desenvolvemento do proxecto.

# Accións Formativas Propias da EGA

Catro accións ao longo da tempada, máis laboratorios nas concentracións das seleccións autonómicas.

1. **Setembro 2025**
   iniciación 3×3 - Santiago
2. **Decembro 2025**
   Seminario Monográfico — Pontevedra
3. **Maio 2026**
   Taller Específico de Minibasket — Betanzos
4. **Xuño 2026**
   Laboratorio de Minibasket — A Estrada

Laboratorios de minibasket nas concentracións das seleccións autonómicas durante toda a tempada.



# Colaboración EGA — Comité Galego de Árbitros (CGAB)

Tres accións conxuntas ao longo da tempada para reforzar a formación integral do baloncesto galego.

## Stage Arbitral de Pretemporada

Participación no stage arbitral, Ourense, setembro 2025.

## Formación Conxunta en 3x3

Acción formativa conxunta EGA-CGAB, setembro 2025.

## Clínic Conxunto EGA-CGAB

Clínic de formación conxunta, xuño 2026.

# Colaboración EGA — Área Deportiva FEGABA

Seminarios de observación con alumnado da EGA nas concentracións das seleccións galegas.

### Modalidade 5x5

Todas as categorías

### Modalidade 3x3

Todas as categorías

A colaboración coa Área Deportiva permite ao alumnado da EGA observar e aprender directamente das concentracións das seleccións autonómicas galegas, enriquecendo a súa formación práctica.



# Colaboración con Eventos Formativos Privados




A EGA colaborou en **todos os clínics e accións formativas** desenvolvidas en Galicia durante a tempada.

### Facilitación de Poñentes

Xestión e facilitación de relatores para os eventos formativos privados celebrados en Galicia.

### Recoñecemento de Horas

Recoñecemento de horas de Formación Complementaria para o alumnado en todos os eventos colaborados.




# Colaboración EGA — Associação de Basquetebol do Porto (ABP)

Marco de colaboración bilateral para o beneficio dos técnicos de ambos territorios.

1. **Novembro 2025**
   Clínic Internacional en Póvoa de Varzim
2. **Decembro 2025**
   Técnico portugués como relator no Seminario de Pontevedra
3. **Marzo 2026**
   Técnico galego como relator no Workshop de Minibasket da ABP
4. **Xuño 2026**
   Clínic Internacional en Aveiro

# EGA Tempada 2025/26 — En Cifras

**7**

**Cursos de Nivel 0**

En toda Galicia

**26**

**Alumnos Nivel 1**

1 curso completo

**1**

**Curso de Nivel 2**

Con Semana EGA incluída

**2**

**Cursos de 3x3**

Iniciación e Consellería

**6**

**Accións Formativas Propias**

Clínics, seminarios e laboratorios

**4**

**Accións con ABP Portugal**

Colaboración internacional

Colaboración continuada con CGAB e Área Deportiva FEGABA ao longo de toda a tempada.

# ÁREA COMPETICIÓNS 2025 - 2026



# Copa Galicia Masculina

Río Breogán - Campión



# Copa Galicia Feminina

Baxi Ferrol - Campión



# Copa Galicia Terceira FEB

Calvo Basket Xiria - Campión



# Campionatos de España - Representación Galega

| JÚNIOR MASCULINO | JÚNIOR FEMININO | CADETE  MASCULINO | CADETE FEMININO |
|---|---|---|---|
| Tifón Muebeles Novobasket - 15 | Celta Femxa Zorka - 13 | Balidea Obradoiro - 13 | Cafés Candelas - 12 |
| Obradoiro Peleteiro - 18 | Seis do Nadal Coia - 14 | Tifón Muebles Novobasket - 15 | Básquet Coruña Leyma U16 - 17 |

# Campionatos de España - Representación Galega

| INFANTIL MASCULINO | INFANTIL FEMININO | MINIBASKET MASCULINO | MINIBASKET FEMININO |
|---|---|---|---|
| Sicilia in Bocca Obradoiro | Deleite Baloncesto Treboada | Estudiantes Lugo | Academia Celta Savino del Bene |
| Nexo 8 ETT Novobasket | Celta Femxa Zorka | Básquet Coruña U12 | Jaecoo Seis do Nadal |

# Campionatos de España - Representación Galega

**3X3 U17M**

Cafés Candelas Ensino

Obradoiro

Seis do Nadal Coia

**3X3 U17F**

Traumacor Culleredo

Baxi Ferrol

Cafés Candelas Ensino

# Spiideo Play: novo sistema de retransmisións

A Federación Galega de Baloncesto, da man de Spiideo Play e FEB, puxo en marcha nesta tempada 2025 - 2026 un novo sistema de retranmisións baseado en intelixencia artificial e que busca ampliar as posibildiades de emisións xa de cará vindeira temporada

## Que é Spiideo?

Spiideo é un sistema de retransmisión automatizada que, mediante cámaras intelixentes capaces de seguir o xogo sen necesidade de operador, permite emitir os partidos en directo e xerar contido para a súa posterior análise.






# 3×3 Caixabank en Vigo

# 3×3 Caixabank en Vigo

## Evento Multitudinario

O Porto de Vigo acolleu 8.000 visitantes durante a parada do Circuito 3×3 CaixaBank 2026.

## Alcance Deportivo

Disputáronse 148 partidos coa participación de 350 xogadores distribuidos en 90 equipos.

## Embaixador de Élite

Fernando Romay, lenda absoluta do noso
Baloncesto compartiu experiencia e pista con todos os participantes.

# 3×3 Caixabank en Vigo










# 3x3 Go! Go! Zo! en Compostela

O Monte do Gozo acolleu en setembro a II edición do Torneo 3x3 Go! Go! Zo!, abrindo a tempada cun evento deportivo e lúdico.

Organizado por Go! Go! Zo! en colaboración coa Federación Galega de Baloncesto, este torneo está dirixido a equipos de todas as categorías, desde Preminibasket ata Sénior.

Esta cita enmárcase na liña de traballo da FEGABA para promover o baloncesto 3x3, un formato en expansión que, polo seu carácter dinámico e inclusivo, se consolida como vía de entrada ao deporte para xogadores de todas as idades.



# 3×3 Go! Go! Zo! en Compostela











# ÁREA SOCIAL 2025 - 2026






# Elas Seguen na Cancha: Fomentando a Continuidade

A campaña da Federación Galega de Baloncesto busca **manter e reforzar a participación feminina no baloncesto federado**, especialmente máis alá da etapa cadete, un momento clave no que se observa o maior porcentaxe de abandono.

## Primeira Cita: A Estrada (Decembro 2025)

O proxecto estreouse coa colaboración do Concello de A Estrada e o Club A Estrada Basket. Un total de **120 xogadoras e adestradores** combinaron competición oficial e diálogo nunha mesa redonda.

### Referentes Femininas

Participaron Iris Díaz (Árbitra FEB), Susana García Senra (Vicepresidenta FEGABA), Carmen Arca (Presidenta CB San Pelayo), Estela Pintos, Paula Lamas e Andrea Rodríguez (xogadoras).

### Mensaxes Clave

Subliñouse o "sentido de pertenza", o "esforzo, compromiso e organización" e o "aprendizaxe para a vida e o futuro" como motivacións para seguir no baloncesto.

## Segunda Xornada: Santiago (Maio 2026)

A II Xornada "Ellas siguen en la Cancha" celebrouse no Pavillón de Fontiñas, en Santiago de Compostela, coa colaboración do Concello da cidade.

### Experta Nacional

Contou coa participación de Mar Rovira, psicóloga deportiva e ex-xogadora profesional, autora do informe **Basket Girlz** sobre o abandono no baloncesto feminino.

### Foco na Continuidade

O evento combinou as semifinais da 2ª División Cadete Feminina Santiaguesa cunha sesión de debate e reflexión dirixida a xogadoras, adestradores e familias.

# Elas seguen na Cancha










# Erasmus+ Sport

A Federación Galega de Baloncesto consolidou esta temporada 2025 - 2026 o programa Erasmus + Sports.

Continuamos o noso trabajllo en dous proxectos, REBOUND e Basket Bridges, fomentando intercambios deportivos internacionais con múltiples perspectivas

# REBOUND: Baloncesto Sostible

## Obxectivos do Proxecto

REBOUND integra a economía circular en clubes de baloncesto para fomentar prácticas sostibles.

Formación en métodos circulares para actividades diarias e eventos.

Impacto: ambiental, económico e social, atraendo novos afeccionados

## Colaboradores Internacionais

- Tero Monoprosopi IKE (Grecia)
- Club Deportivo Evnikos (Grecia)
- A.S.D. Borgomanero Sporting Club (Italia)
- FEGABA (España)



# Proxecto BASKET BRIDGES

## Obxectivos do Proxecto

BASKET BRIDGES promove a integración de inmigrantes mediante o baloncesto como ferramenta social.

Fomentamos a inclusión e cohesión comunitaria a través do deporte da man de ONG Rescate e ADB Fontiñas.

## Socios internacionais

- Omladinski Kosarkaski Klub Júnior (Serbia)
- Fundación Inthinknity (Polonia)
- Sorgun Genclick Dernegi (Turquía)
- Institoyto Koinonikis Kainotomias Kai synoxis (Grecia)
- FEGABA (España)






#BALONCESTOGALEGO

# INFORME FEGABA 2025 - 2026

Bloque 2 — Federación Galega de Baloncesto